

# UNHA REFORMA PARA EMPOBRECER! A CLASE TRABALLADORA



## ALGUNHAS DAS MEDIDAS DA REFORMA LABORAL

### DESPIDOS OBXECTIVOS (COLECTIVOS E INDIVIDUAIS)

- As Empresas poderán despedir con 20 días de indemnización/ano argumentando " Previsión de perdas, descenso dos beneficios, movemento ou implantación de novas máquinas, nova organización da empresa, novos programas informáticos".
- As Empresas so pagarán 12 días, os 8 restantes os paga o Fogasa.

### AMPLIACIÓN DAS ETTs A TODOS SECTORES

- As ETTs poderán implantarse en todos os sectores de traballo.
- Os Convenios Colectivos non poderán regular nen prohibir o traballo das ETTs .
- Legalízase a actuación das Axencias Privadas de colocación con ánimo de lucro, en competencias reservadas até agora para o INEM.

### NON APLICACIÓN DOS CONVENIOS COLECTIVOS

- Facilita ás Empresas poder descolgarse dos Convenios Colectivos argumentando una situación económica desfavorable.
- Como consecuencia permite que as Empresas paguen menos que o Pactado en Convenio
- Contra o regulado en Convenio poderá modificar a xornada laboral, procedendo a una distribución irregular, podendo traballar uns días máis e outros menos.

## A NOSA RESPOSTA



O despedido obxectivo con 20 días; a implantación das ETTs con carácter xeral, incluso en sectores de alto risco antes prohibidos (Construción, Minería, fabricación de explosivos) e con seguridade tamén entrarán na Administración Pública; a non aplicación do Convenio, en salarios, xornada, condicións de traballo; a intermediación de Axencias de Colocación na contratación que chantaxearán aos traballadores e traballadoras e castigarán aos que reclamen os seus dereitos. Estas é algunhas máis serán consecuencias desta Reforma laboral.

Despedir máis barato non crea emprego, destrúeo. Esta Reforma pretende facer que toda a Clase traballadora sexa precaria, incluso os fixos. Queren que teñamos menos dereitos e menos defensa diante da Empresa, para que non poidamos defender os nosos Convenios nin as nosas condicións de traballo, desta maneira traballaremos mais horas con menor salario.

Queren darlle máis diñeiro aos ricos, aos capitalistas, que sairá do noso traballo e do noso salario.

Empobrecer á Clase traballadora non soluciona ninguha crise. Sempre os Países con salarios máis baixos son os mais afectados pola crise ( Grecia, Estado Español, Portugal, Irlanda, Italia ), sinxelamente porque con salarios baixos hai menor consumo.

Contrariamente non persiguen aos ricos no seu inmenso fraude fiscal. O informe de facenda do pasado ano, sinala que ata o 90% dos Empresarios declara menos de 1000€ por mes en ingresos. As rendas do capital teñen una retención máxima do 21%, aínda que o seu beneficio poida ser de 10 millóns de €. ou superior.

Preparan novas Reformas nos Convenios, nas prestacións de desemprego, nas Pensións. Temos que demostrar con forza o 29 de Setembro a nosa oposición e parar estas Reformas.

O PSOE goberna para os ricos e o PP esixe unhas Reformas aínda máis duras, propoñendo no Congreso prohibir a Folga cando se negocia un Convenio.

Teñamos esto en conta cando votemos, non nos castigamos nós mesmos votando por eles. Loitemos, pero sexamos tamén intelixentes



**29 DE SETEMBRO**  
**FOLGA XERAL**



Confederación Intersindical Galega

[www.galizacig.com](http://www.galizacig.com)